

**GALICIA XXI**

ACTORES DO CAMBIO

**Política**

Dolores Villarino

Dolores Villarino Santos (Xinzo de Limia, 1945; casada; dous fillos; licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela) é a primeira muller que ocupa a presidencia do Parlamento de Galicia, dende que este principiou a andar no 1982. No caso de que se reformase a lei electoral, Villarino avoga por que as provincias con máis poboación teñan máis representantes, e as que perden poboación manteñan os actuais.

– **¿Co himno galego está ben facer fusionés?**

– Xa sei polo que vai. Co himno galego non se fixo ningunha fusión. O himno galego ten unha partitura establecida, pero non hai ningún instrumento obrigatorio para tocalo. A partitura que se tocou no Parlamento o día de conmemoración do seu 25 aniversario, era a oficial, a aprobada pola lei de himnos. O que chamou a atención foi que tivera un acompañamento de guitarra; se fora de piano, violín ou calquera outro instrumento, ninguén se sorprendería. Igual eu tiña que ter explicado que a guitarra é un instrumento universal.

– **¿A vostede gustoulle?**

– Gustoume moito. Queríamos ter tamén un piano de cola, pero o espazo do Parlamento non dá. Nos tendemos a cantar moi baixo o noso himno, case como se tivéssemos vergonza. Eu canto baixo porque teño pouca voz porque fumo moito. Os himnos teñen que ter algo de épica, de orgullo de pobo. Como se di vulgarmente, habería que sacar peito para cantar o noso himno. Parecíame a min que Delio, que ten unha voz magnífica, lle ía dar ese sentido épico, e foi unha interpretación extraordinaria. Non se tocou ningún arranxo flamenco do himno galego como alguén dixo. Co paso do tempo gustaríalle a moita xente.

– **¿Para unha economista, o debate estrela do curso parlamentario é o dos presupostos da comunidade autónoma?**

– Éo para todos, o que pasa e que os economistas, por deformación profesional, lle damos máis importancia. Como presidenta do Parlamento, creo que hai dous debates no ano impor-

# “Avogo porque o Parlamento teña máis deputados”

LUIS POUSA • SANTIAGO



Pie de foto

tantes: o do Estado da Autonomía, no que se analiza a situación xeral da comunidade autónoma, e o dos presupostos, onde se concretan os compromisos do Goberno.

– **¿Que o conselleiro de Economía lle entregue os presupostos nun ‘pen drive’, vén ser unha imaxe a favor do medio e non só**

**a prol das novas tecnoloxías?**

– As tecnoloxías hai que velas nesa dobre vertente. Eu, que fun concelleira de economía no concello de Vigo, recordo cando levaba para casa os tomos do orzamento para traballar a fin de semana, e agora pódese facer cun portátil. Ademais afórrase unha morea de papel, e iso son moitas

árbores, e as árbores son sumidoiros de CO<sub>2</sub>.

– **¿Existe o cambio climático?**

– Existe. Na última asemblea das rexións europeas con competencias lexislativas, celebrada en Berlín, aprobouse por unanimidade unha declaración, promovida por min, sobre o cambio climático. É necesario que nos

conciencemos de que non só é cuestión dos políticos e das administracións, senón de todos os cidadáns. Hai uns anuncios do Ministerio de Medio Ambiente, que a min me gustan moito, porque poñen o acento nun papel, nun vidro, para que se saiba que todos temos que contribuir a reducir o efecto invernadoiro.

– **¿O compromiso persoal é importante?**

– Desde o Parlamento empezamos pola tolerancia cero en consumo de papel, mentres nos facían a auditoría de eficiencia e aforro enerxético, porque queremos ser un edificio eficiente e ter a cualificación de calidade da UE. En menos de dous anos reducimos o consumo de papel de 19 millóns de páxinas a 3 millóns. Montamos uns talleres ambientais para os nenos que nos visitan. Temos placas solares, fotovoltaicas, e imos pór en marcha o da xeotérmica, co que tereamos enerxía do fondo da terra. Utilizamos as novas tecnoloxías para aumentar a eficiencia enerxética das instalacións parlamentarias e contribuir a loitar contra os efectos do cambio climático. Hai que convencer a xente de que cada un, por si mesmo, pode contribuir a loitar contra o cambio climático. Cando un chega a un sitio ten que intentar facer as cousas nas que cre: imos conseguir que o Parlamento consuma menos enerxía e funciónese cunha mestura de enerxías renovábeis. De momento, somos o primeiro Parlamento que o estamos facendo.

– **¿A negación de cambio climático parte da ignorancia, dunha posición ideolóxica ou dunha posición científica?**

– Nalgunhas capas da sociedade hai ignorancia pura e dura. Tamén hai persoas que o toman con frivolidade. O exemplo de Estados Unidos, aínda que agora parece que se van comprometer con Kioto, é unha frivolidade egoísta: que sexamos outros os que mantemos o equilibrio da Terra. Non podemos determinar se no 2045 a temperatura será de 2 ou 3 graos máis, pero hai cambio climático e en parte está producido polo humano. E iso que China e a India aínda non acadan niveis de consumo *per cápita* similares aos dos países desenvolvidos. Ignorar que hai que protexer o medio e ser máis comedidos no consumo, é un mundo que a min non me gusta.

– **¿A reforma do Estatuto de Autonomía será a materia pendente desta lexislatura?**

– Teoricamente habería tempo, porque o traballo da ponencia está feito nun 99 por cento e, se houbese unha actitude de con-


“Non se tocou un arranxo flamenco do himno galego nin se fixo ningunha fusión. A guitarra é un instrumento universal”

“É necesario que nos conciencemos de que cada un de nós podemos loitar contra o efecto invernadoiro”

“En menos de dous anos, reducimos o consumo de papel no Parlamento de 19 millóns de páxinas a só 3 millóns”

“Non podemos determinar se no 2045 a temperatura será de 2 ou 3 graos máis, pero o cambio climático existe”

“O traballo da ponencia da reforma do Estatuto está feito nun 99 por cento. Pero dubido de que se faga nesta lexislatura”



cordar, daquela o asunto podería resolverse en dúas ou tres sesións. Agora, cunhas eleccións xerais que xa están aí e o pouco tempo que quedará entre estas e a campaña das autonómicas, non sei se ese será o mellor escenario para chegar a acordos. Se tivéssemos a reforma aprobada, o Estatuto recollería o do 8% dos investimentos territorializados; como non a temos, iso obriga o presidente Touriño a estar moi pendente dos orzamentos do Estado. En todo caso, o presidente Zapatero está cumprindo co seu compromiso de que esta sexa a lexislatura do noroeste español, que inclúe Galicia, Asturias, Castilla e León e Extremadura.

**- Pois hai a quen lle parece pouco os 2.000 millóns de euros en investimentos que contemplan os presupostos do Estado para 2008.**

- Non dubido de que se podería pedir máis, e non executalo. Sinceramente, hai algunha forza política que ten pouca lexitimidade para dicir, isto é pouco. Na media dos orzamentos dos oito anos dos populares no Goberno central, Galicia sempre estivo por debaixo de España; agora estamos trinta puntos por riba da media. Así que o mellor que podían facer é calar.

**- ¿Está satisfeita coa produción lexislativa do Parlamento?**

- Si, porque temos unha produción superior á das outras lexislaturas. E o que para min é máis satisfactorio, o grao de consenso e máis do dobre que na etapa anterior, onde na lexislatura que se aprobaron máis leis por unanimidade foron 8, e nós en dous anos levamos 19.

**- ¿Como presidenta da Cámara, que tal leva o xogo dos tres grupos parlamentarios sendo o máis grande o da oposición?**

- Como presidenta non fago distincións entre PP, BNG e PSdeG. Para quen estivo no Goberno, non é fácil adaptarse a ser oposición. Despois de 16 anos seguidos de maioría absoluta, de cambiar de líder, de pasar á oposición, obriga a resituarse. Pola súa banda, os dous grupos que formán parte do Goberno tardaron menos tempo en decatarse de que eran Goberno. Eu procuró intervir o menos posible e preocupome de que os grupos se sintan cómodos. O que non lle permitirei é que haxa falta de respecto, porque sería imposible dirixir un pleno, á parte de que non sería honesto.

**- ¿A tolerancia é antitética coa disciplina?**

- Ah, non. Pódese ser tolerante, pero hai que manter a disciplina. Cando alguén nos corredores se me queixa de que non o deixei

falar, eu dígo-lle: o que temos que ter na cabeza é que ningún galego teña que avergonzarse de nós. Pódese debater da maneira máis controvertida, incluso con intervencións duras desde o punto de vista dialéctico, pero sen nunca perderlle o respecto ó contrincante. Hai que garantir os dereitos fundamentais dos deputados e mais a dignidade da Cámara.

**- ¿O regulamento da Cámara precisa ser retocado?**

- Como se estivo coa reforma do Estatuto, pensei que a do regulamento estaba aparçada. Felizmente, parece que a retoman os grupos. O regulamento da Cámara pódese e débese reformar, no senso de acoitar algúns prazos, precisar algunhas cuestións relacionadas coas iniciativas e flexibilizar o funcionamento da Cámara. No 1993 reformulouse só cos votos do grupo popular, e sería bo que agora se fixera por consenso, para non repetir aquilo de que a metade máis un cambiaron as regras do xogo.

**- ¿Por que o PPdeG intentou trasladarlle a vostede a responsabilidade de que o regulamento impidise votar unha deputada popular embarazada?**

- Non o comprendo, eu non podía facer máis do que fixen. No regulamento está claramente estipulado que o voto é indelegable porque é presencial, e o grupo popular sabe. Así llo deixei claro o outro día á deputada popular López Abella: a señora presidenta non pode incumplir un regulamento que é unha lei deste Parlamento. Cando no 1993 reformou o regulamento, o PP non se decatou de que as mulleres deputadas poderían quedar embarazadas. Parécese ben que agora os populares propoñan unha modificación da lei, xa o tiñan que ter feito antes.

**- ¿Os 75 deputados son suficientes para que o Parlamento galego faga seu traballo ou quizais deberían ser máis?**

- Non se poden deixar os territorios sen representación, por pouca poboación que teñan, pero tampouco se pode devaluar tanto o da poboación que, ó final, resulte que a representación non é a dos cidadáns. Aquí estamos representando cidadáns e territorio, pero cidadáns, eh. Sinceramente, se se fai unha reforma da lei electoral, eu avogo por incrementar a representación das provincias que máis aumentaron as súas poboacións, sen minguarlle a representación que teñen as provincias que perderon poboación. Ademais, a actividade parlamentaria xustificárfao, os grupos teñen dificultades para encaixar as comisións.

## O PERFIL

### “Non cociño. Faino o meu marido”

**■ ¿A presidenta do Parlamento de Galicia continúa chistes?**

Si, o que pasa é que eu non teño graza para reproducilos. Non me gustan os chistes moi adornados, gústanme os absurdos, e se poden ser de tres palabras que non sexan de catro.

**■ ¿Cantas horas ten libres á semana?**

Poucas. É moi difícil, ben por cousas do Parlamento ou do partido, pero cando teño un sábado e un domingo libres é unha felicidade. Procu-ro ter polo menos un día enteiro, que o dedico a estar na casa, pechala porta e non moverme.

**■ ¿Cociña cando está na casa?**

Non, non cociño nada. Cociña o meu marido. Cando estou na casa, leo algo, vexo televisión, e se veñen os meus fillos, que xa non viven na casa, estou de conversación con eles. E despois, sobre todo cando estou preocupada ou cansa, fago ese deporte nacional que se chama pas-mar. Eu teño a posibilidade de pasmar mirando para a marisma de Sabaris, que é un sitio marabilloso.

**■ ¿Cal é o prato que máis lle gusta?**

Ovos fritos con patacas fritas. Se alguén quere facerme un bo agasallo, xa o sabe: ovos fritos, cun pouco de allo frito e cunhas pataquiñas ben fritas, a poder ser de Xinzo de Limia.

**■ ¿As de Xinzo son as mellores patacas?**

Iso, por suposto. Os da Terra Chá din outra cousa, pero non teñen nin idea.

**■ ¿Vai ao cine e ao teatro?**

Pois a verdade é que non. Non teño fama. A casa non chego nunca antes das 8,30 da noite. Pero, ademais, organizome mal. Meu marido dime sempre que crer que ao ocio non hai que buscarlle espazo é unha enfermidade como outra calquera, pero eu xa levo moitos anos así como para que a cousa teña arranxo. Como estou fóra tanto tempo, teño a necesidade de estar no meu hábitat, no meu ambiente, e ver a miña cadela Vera e a miña gañá Wesley.

**■ ¿Que tal se levan a gata e a cadela?**

Vaaaaaia, máis ou menos coma a xente. Non hai maiores problemas. As dúas son recollidas. Eu recoméndolle á xente teña animais, porque é moi bo para os maiores e para educar os nenos. As tendas que venden animais faranme unha crítica severa, e pódoo entender, pero habendo tantos animais abandonados en centros de acollida, é mellor ir alí buscalos. De feito, fun a unha canceira buscar un palleiro, porque eu estaba empeñada en ter un palleiro, e resulta que non había máis que cans de raza, con pedigre, o que demostra que a xente é capaz de comprar un can e logo abandonalo. Vera é unha cadela de augas absolutamente marabillosa, que foi moi maltratada e tardou moito tempo en ter confianza connosco. Aínda agora se ve que alguén que non é da casa move un pé rapidamente, ou exhibe unha vásoira ou un aspirador, ten medo. Wesley, o nome púxollo miña filla, é unha gata siamesa que estaba abandonada na rúa, e recollémola.

**■ ¿A parte da documentación lexislativa que está a ler neste momento?**

Máis que estar a ler, vou ler a biografía do poeta Marcos Ana, *Decídme como es un árbol*. Vin unha entrevista que lle fixeron na televisión, e a verdade é que me enterneceu moito e decidín comprar o libro.

“Nos oito anos que estivo o PP no Goberno Central, o investimento do Estado en Galicia medrou por debaixo da media, agora está 33 puntos”

“No que vai desta lexislatura, aprobamos 19 leis por unanimidade; na mellor lexislatura do Partido Popular foron 8”

“Non permitirei que na Cámara se lle falte ó respecto ao contrincante. Hai que garantir a dignidade da institución”

“O regulamento do Parlamento pódese e débese reformar. E por consenso, para que non pase o de 1993”

“O votó e indelegable, porque é presencial. E a presidenta da Cámara non pode nin debe incumplir a lei”